



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G003/000107

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APERTURA PRAZOS SOLICITUDE PRAZAS PAI

EXPEDIENTE:2021/G003/000107

ANTECEDENTES:

MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde-Presidente do Concello de Mesía, A Coruña.

Visto o artigo 8.1. de "Procedemento de ingreso. Réxime de acceso." do Regulamento de réxime interno do Punto de atención á infancia municipal "Os Camiños" do concello de Mesía e aos efectos de dar publicidade para o coñecemento das familias con nenos/as xa matriculados no PAI que desexen renovar a praza no dito centro así como para aquelas que queiran presentar solicitudes de nova inscrición.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir o prazo para a renovación de matrículas dende o 1 ao 15 de maio de 2021, ambos os dous inclusive.

Segundo.- Abrir o prazo para as novas inscricións dende o 1 ao 15 de xuño de 2021, ambos os dous inclusive.

Terceiro.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios municipal, no PAI e na páxina web do concello.

En Mesía, mércores 17 de marzo de 2021

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro